



ADDENDA DA CONCRECIÓN CURRICULAR DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MODIFICACIÓN NA PROMOCIÓN E OBTENCIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA

Descrición breve

Recóllese a modificación da concreción curricular no relativo á promoción e obtención de mención honorífica de honra atendendo ao requerido na orde do 25 de xaneiro de 2022

Data de aprobación polo Claustro: 7 de abril de 2022

Data de información ao Consello Escolar: 7 de abril de 2022

Data de publicación: 8 de abril de 2022

Forma de difusión: Envío de mensaxe Abalar ás familias informando da publicación do presente documento na aula virtual e na web do centro.



Modificación da concreción curricular de Educación Primaria

A orde do 25 de xaneiro de 2022 *pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* recolle na súa disposición adicional cuarta:

1. Os centros docentes disporán dun prazo de 2 meses para adaptar a súa concreción curricular para adecuala aos cambios normativos na avaliación, na promoción e na titulación.
2. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, de ser o caso, os criterios de titulación que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.

Por outra banda, a orde do 2 de marzo de 2021 *pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*, recolle no seu artigo 3.2:

“Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros deberán facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas”



Avaliación:

Segundo se recolle no artigo 5 do capítulo II da orde do 25 de xaneiro de 2022:

- 1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- 2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.*
- 3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.*
- 4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.*
- 5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.*
- 6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.*



Promoción:

Segundo se recolle no artigo 6 do capítulo II da orde do 25 de xaneiro de 2022:

1. *Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.*

O claustro do CPI do Toural acorda o seguinte:

- A promoción nos cursos 1º, 3º e 5º será automática.
- No que se refire aos cursos 2º, 4º e 6º, para que unha alumna ou un alumno poida promocionar terase en conta, de xeito xeral, o seguinte:
 - O progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave. Remitíndonos a os mínimos esixibles en cada área (adxuntos na Aula Virtual).
 - Aspectos relacionados co benestar emocional do alumno/na: o desenvolvemento socio-emocional, o grado de adaptación ao grupo clase de referencia e as circunstancias relacionadas coa súa historia persoal e familiar.
 - O grado de madurez do alumno/a respectarase analizando os logros da progresión axeitada nos obxectivos do ciclo e o grado de adquisición das competencias clave.
 - Nesta toma de decisións contarase co departamento de Orientación, en especial para aqueles casos dos que teña información relevante para o proceso da toma de decisións.

A decisión será adoptada de forma colexiada tendo en conta a información da profesora/o titora/o.

2. *O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.*



3. *O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.*
4. *Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
5. *Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.*
6. *Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DO TOURAL	
Toural nº 34 - 36141 - Vilaboa (Pontevedra)	
Tel.: 886 151 766	Fax: 886 151 769
cpi.toural@edu.xunta.es	



Mención Honorífica:

Recibirá Mención Honorífica aquel alumnado que:

- Que superara todas as áreas da etapa e obtivera media de 9 ou superior a 9 puntos na etapa.
- Obtivera unha media de 9 ou superior en 6º de primaria, con especial atención ao desenvolvemento das competencias.